

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CONSTITUTIVA DO PLENO DO DÍA 15 DE XUÑO DE 2019

Na Casa Consistorial de Sobrado, sendo o dez horas do día quince de xuño de dous mil dezanove, previamente convocados, reuníronse, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros que compoñen a Corporación Municipal deste Concello, ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria constitutiva do pleno baixo a presidencia da Mesa de idade, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros cuxos nomes á marxe se relacionan :

ASISTENTES:

Sres/as. Concelleiros/as:

Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE)
Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE).
Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE).
Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE).
Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE)
Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE)
José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).
María Jesús García Souto (PP).
Ángel López Fidalgo (PP).

Secretaria:

Elena González López

ORDE DO DÍA

PRIMEIRO.- FORMACION DA MESA DE IDADE

O sr. Ángel López Fidalgo, como presidente da mesa de idade intervén sinalando: Bo día a todos iniciamos a sesión constitutiva da corporación do Concello de Sobrado.

A mesa de idade queda constituída polo concelleiro de maior idade Sr. Ángel López Fidalgo e o de menor idade Sr. Miguel Combo Aller.

Consonte ao disposto no art. 195 da LOREX Sra. Secretaria informe se se cumpre o quórum necesario para a celebración da sesión plenaria e tamén se se recibiron as credenciais dos Sres/as Concelleiros/as electos.

Por parte da Sra. Secretaria infórmase afirmativamente

SEGUNDO.- CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN

O presidente da mesa de idade, indica a continuación que procederemos a dala toma de posesión os/as Concelleiros/as electos.

Formularei o xuramento ou promesa e cada un dos concelleiros/as serán chamados para contestar:

¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/a con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado?

1	Sr. Lisardo Santos Ares,	Sí, xuro
2	Sr. Magin Freire Fidalgo,	Sí, xuro
3	Sr. Juan Vicente Aller Penar,	Sí, xuro
4	Sr. Alfonso Ríos Santos,	Sí, xuro
5	Sr. Ángel Manuel Vázquez Bugallo	Sí, xuro
6	Sr. Miguel Combo Aller	Sí, xuro
7	Sr. José Antonio Veiga Sánchez,	Sí, xuro
8	Sra. M ^a Jesús García Souto	Sí, xuro
9	(Miguel Combo Aller) Sr. Ángel López Fidalgo	Sí, xuro

Rematado o xuramento declaro constituída a Corporación, se alguén quere pode aplaudir.

TERCEIRO.- ELECCIÓN DO ALCALDE OU ALCALDESA

O presidente da mesa de idade informa de que a continuación procederase a elección do/a Alcalde/esa.

Sres/as. Concelleiros/as cabeza de lista ¿teñen intención de presentar a súa candidatura? Tamén poden intervir brevemente se o desexan.

Sr. Santos Ares sí

Sra. García Souto, sí.

O presidente da mesa de idade continúa indicando que preséntanse candidatos o Sr. Lisardo Santos Ares e Sra. M^a Jesús García Souto.

A continuación incíase a votación:

a) Votos a favor da candidatura de Lisardo Santos Ares, votan a favor 7: Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE), Magín Freire Fidalgo

(PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas (Concelleiro non adscrito), Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

b) Votos a favor da candidatura de M^a Jesús García Souto, votan a favor 2: María Jesús García Souto (PP) e Ángel López Fidalgo (PP).

O presidente da mesa de idade sinala que consonte ao disposto no artigo 196 da LOREX, por maioría absoluta dos votos, queda proclamado alcalde Lisardo Santos Ares.
(aplausos)

A continuación procedemos a dala toma de posesión ao Sr. Lisardo Santos Ares como Alcalde.

Sr. Santos Ares ¿Acepta o cargo de Alcalde do Concello de Sobrado?
Sr. Santos Ares, Sí acepto.

O presidente da mesa procede a toma de promesa ou xuramento do cargo de alcalde. Sr. Santos Ares, ¿Xuras ou prometes pola túa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigacións do cargo de Alcalde, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado?.
Sr. Santos Ares contesta, Sí xuro.

A continuación o presidente da mesa de idade pide ao Sr Alcalde que ocupe a presidencia do pleno.

O alcalde dirixe unhas palabras aos concelleiros e público presente indicando: Bos días a todos, quero agradecer o o apoio da familia amigos, veciños e sobre todo compañeiros de lista.

Sinala que o seu obxectivo vai ser traballar para os veciños e levar a cabo os proxectos que Sobrado se merece.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as dez horas e quince minutos, o Alcalde levanta a sesión, do que eu, como secretaria, dou Fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE